



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-7

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

10 de Agosto de 2023

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:00

Hora de Finalización

10:10

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

EMILIO FERNANDEZ PARADA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

DANIEL DE DIOS MANSO

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 22.06.2023 (ACTA 6/2023)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes, asistentes á sesión de referencia.

2º. FESTIVOS LOCAIS 2024.

Logo de ver o oficio remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Ourense, na que se determinan os festivos de carácter autonómico, así como as festas de ámbito estatal para o vindeiro ano **2024**, e como queira que no mesmo recóllese que cada concello debe de realizar a proposta das festas locais á xefatura territorial antes do vindeiro 1 de setembro de 2023.

Polo Sr. Alcalde pásase a dar conta da proposta de fixación dos dous festivos para o ano **2024**, concretamente, o día **17 de xaneiro**, San Antón; e o día **14 de febreiro**, Mércores de Cinsa.

Aberto un turno de intervencións, producíronse as seguintes:

Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**) que manifesta que están de acordo coa proposta de que se fagan coincidir os festivos cós do concello de Verín





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Sometida a proposta a votación, o Pleno, por **unanimidade** dos **seis** membros presentes, dos sete que legalmente o forman (4 PSdeG-PSOE, 2 PP), **ACORDA:**

PRIMEIRO. Fixar como festivos locais no Concello de Castrelo do Val para o ano **2024** os días:

- 17 de xaneiro, San Antón.
- 14 de febreiro, Mércores de Cinsa.

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Ourense.

3º. EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 13/2023, CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA.

Dáse lectura ao expediente núm. **13/2023**, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado có remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio **2022**.

O Sr. alcalde fai unha explicación das diferentes necesidades a satisfacer có expediente.

Dáse conta de que o expediente tramítase por razóns de necesidade plenamente xustificada, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

Non se producen intervencións.

Tralo que, ao ter en conta a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos número **13/2023**, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, con cargo ao remanente líquido de tesourería e polos motivos nela sinalados; o Pleno, por **catro** votos a favor (**PSdeG-PSOE**), ningún en contra e **dúas** abstencións (**PP**), dos seus seis membros presentes, dos sete que legalmente o forman, **ACORDA:**

PRIMEIRO. **Aprobar** inicialmente o expediente de modificación de créditos **13/2023** a través de créditos extraordinarios e suplemento de créditos **con cargo ao remanente líquido de Tesourería**, nos seguintes termos:

CREDITOS EXTRAORDINARIOS:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
1532.619.01	Rúa Igrexa en Castrelo do Val	5.300,00
1532.619.02	Pista en Sanguñedo	6.000,00
161.609.03	Fosa séptica en Ribas	18.800,00
161.609.04	Fosa séptica en Piornedo	23.500,00
161.609.05	Bocas de rego en Piornedo	5.500,00
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		59.100,00





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

SUPLEMENTO DE CREDITO:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
920.22199	Subministros diversos	4.000,00
920.22699	Outros gastos diversos - cultura	1.500,00
011.310	Intereses de préstamos	1.500,00
1532.619	Reparacións de vías	3.000,00
241.619	Investimentos do Obradoiro de Emprego	5.000,00
342.619	Mellora Instalacións Deportivas F. PROPIOS	4.500,00
161.609.01	Fondo Compensación Ambiental F. PROPIOS	10.000,00
920.640	Proxectos técnicos	6.400,00
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		35.900,00

PARTIDA DE INGRESOS FINANCIADORA:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
87001	Remanente de Tesourería para gastos xerais	95.000,00
TOTAL		95.000,00

SEGUNDO: Exponer ao público este expediente de modificación de créditos **13/2023** durante o prazo dos seguintes **quince días hábiles** desde a publicación do correspondente edicto no **Boletín Oficial da Provincia**, a fin de que, polos interesados a que se refire o artigo 151.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se presenten as alegacións e as reclamacións que consideren pertinentes, só polos motivos que se establecen no apartado segundo do devandito artigo.

Así mesmo, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen as reclamacións contra a aprobación inicial do referido expediente, dita aprobación será definitiva sen necesidade de adoptar novo acordo do Pleno que así o declare e, de seguido, exporase ao público o resultado final da modificación de créditos efectuada e remitirase copia da resolución á administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4º. CONVENIO DE COLABORACION CON "SERVICIOS COMERCIALES DE INSERCIÓN LABORAL" (CARITAS) PARA A COLOCACION DE CONTENEDORES PARA RECOLLIDA DE ROUPA USADA.

O Sr. Alcalde iniciou o tratamento deste asunto da orde do día resumindo a proposta de actuación a conveniar.

Logo de ver a proposta de sinatura dun **convenio de colaboración** entre éste Concello de Castrelo do Val e a **empresa Servicios Comerciales de Inserción Laboral, S.L.** (dependente de **Cáritas Diocesana Tui-Vigo**) coa finalidade, de **instalar contenedores para a recollida de roupa** usada en espazos públicos de titularidade do Concello de Castrelo do Val.

E ao considerar conveniente para os intereses municipais colaborar nesta medida de eminente carácter social e medioambiental; Sometido o asunto a votación, o Pleno, por





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

unanimidade dos seus **seis** membros presentes, dos sete que legalmente o forman (4 PSdeG-PSOE e 2 PP), **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de sinatura dun convenio de colaboración entre a empresa Servicios Comerciales de Inserción Laboral, S.L. con CIF B27865260 e o Concello de Castrelo do Val para a instalar contenedores para a recollida de roupa usada en espazos públicos de titularidade do Concello de Castrelo do Val, nos termos nos que se atopa redactado; e na súa consecuencia,

SEGUNDO: Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do documento do Convenio de colaboración.

5º. DESIGNACION DE TRES CONCELLOS DA PROVINCIA PARA VOCALÍAS DE ENTIDADES LOCAIS NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE OURENSE

O Sr. Alcalde pasa a dar conta dun escrito do Delegado de Economía y Hacienda de Ourense no que se comunica (como sempre logo da renovación das corporacións locais tralas eleccións municipais); a petición de designación de tres concellos da Provincia para ocupar as vogalías correspondentes ás entidades locais, no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Ourense.

Seguidamente, propón a desiganción dos concellos de O Barco de Valdeorras, Oímbra e Parada do Sil.

Tralo que o Pleno, por **unanimidade** dos seus **seis** membros presentes, dos sete que legalmente o forman (4 PSdeG-PSOE e 2 PP) **ACORDA:**

PRIMEIRO: designar aos concellos de **O Barco de Valdeorras, Oímbra e Parada do Sil**, para ocupar as vogalías correspondentes ás entidades locais, no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Ourense.

SEGUNDO: Dar traslado do presete acordo á Delegación de Economía y Hacienda de Ourense.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

